

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS (FPNS) PARA A XESTIÓN DA FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS JUAN RODÉS E RÍO HORTEGA CONCEDIDOS AO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA DA CORUÑA (INIBIC), A TRAVÉS DA FPNS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA AES 2023.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Profesor Novos Santos, formalizaron o 15/02/24 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante catro anualidades (2024-2027)

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre as partes para a formalización dos contratos Juan Rodés e Río Hortega concedidos ao INIBIC a través da FPNS ao abeiro da convocatoria correspondente ao ano 2023 de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia na Resolución de data 17 de marzo de 2023.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Dirección do Instituto de Salud Carlos III O.A., M.P., ditou en data 17 de marzo do 2023 a Resolución pola que se aprobou a convocatoria correspondente ó ano 2023 de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023.

Ao abeiro da antedita convocatoria para a anualidade 2023, na modalidade Juan Rodés cuxo obxecto é a contratación de persoal facultativo con experiencia en investigación en ciencias e tecnoloxías da saúde, nos centros asistenciais públicos que forman parte dos IIS e, por outra parte, a concesión de axudas para a creación e cobertura do conseguinte posto de traballo de carácter permanente en ditos centros unha vez teña rematado a axuda, de acordo con artigo 85.1 da Lei 14/2007, de 3 de xullo e o artigo 60.5 da presente resolución, formalizouse unha solicitude para a contratación dun investigador.

O 13 de decembro de 2023 ditouse Resolución do Director do Instituto de Salud Carlos III, en virtude da cal concédese a axuda solicitada, para a contratación do candidato proposto.

Para a anualidade 2023, na modalidade Río Hortega cuxo obxecto é a contratación de profesionais, exclusivamente nas entidades sanitarias de titulariedade pública de entre as contempladas no artigo 5.1 apartado 2º da Orde de bases, con actividade clínico asistencial,

que teñan superado a FSE, para o desenvolvemento dun plan de formación en investigación en ciencias e tecnoloxías da saúde que simultanearán coa actividade asistencial correspondente a súa especialidade, formalizáronse tres solicitudes.

O 13 de decembro de 2023 ditouse Resolución do Director do Instituto de Salud Carlos III, en virtude da cal concédese as axudas solicitadas, para a contratación dos 3 candidatos propostos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

Maria Estrella Lopez-Pardo Pardo.

